



MARTES 29
20.30 H
TEATRO PRINCIPAL

CELLO&ELECTRONICS

MARGARIDA MARIÑO
VIOLONCHELO
LAURA ITURRALDE
DESEÑO DE ILUMINACIÓN E ESCENOGRAFÍA

A exploración dos límites sonoros e estéticos do violonchelo levou a Margarida a experimentar con xéneros onde o seu instrumento non é tan común, como o Jazz, a música espontánea, ou a improvisación libre, entre outros. A súa proposta en solitario presenta un repertorio orixinal para violonchelo inspirado en temas como a ecoloxía, o cambio climático ou as migracións humanas, utilizando pedais de efectos, voz e *loops* cos que logra crear texturas únicas e complexas orquestracións que dan lugar a un estilo moi persoal e único, no que xéneros tan aparentemente diverxentes como o post-rock, new-age ou a música clásica vibran cunha soa voz.

Margarida Mariño

Natural de Vigo comeza os seus estudos de violonchelo á idade de oito anos no Conservatorio Profesional de Música da mesma cidade con Isabel Figueroa. En 2008 trasládase a Barcelona para licenciarse no Conservatori Superior Liceu. Durante a súa estancia na cidade condal comeza a súa inmersión no ámbito das músicas improvisadas e o Jazz. Ten tocado en recoñecidos festivais como o Voll Damm Jazz de Barcelona, Pop Arb, VallSonora ou Curtcircuit. Tras licenciarse no Conservatorio continúa a súa formación de violonchelo e contrabaixo no Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra co pianista e compositor Abe Rábade. Forma parte da Asociación de Violoncellistas de Galicia *Soncello* e foi invitada a impartir varias charlas e obradoiros sobre improvisación libre ou o uso de pedais de efectos co violonchelo. Ten recibido clases de prestixiosos violonchelistas tales como Cristoph Coin, Barbara Switalska, Asier Polo ou Herre Jan Stegenga e tamén formou parte de distintas orquestras como a OSV430, a Real Filharmonía de Galicia e a nivel internacional a Orquesta Résonnance en Suíza, ou La Via dei Concerti, coa que emprendeu unha xira por Italia, Francia e España con concertos entre os que destacan unha audiencia no Vaticano de Roma ou a Feria de Exposición Universal en Milán. No ano 2015 forma o dúo Treme xunto á cantante e guitarrista Su Garrido, galardoada co premio Música Xove á mellor banda galega e ofrecendo concertos por distintos festivais e auditorios como o Festival de Jazz de Vigo ImaxinaSons, Festival PlayDoc, ou o Auditorio Conde Duque de Madrid. En 2017 comeza a súa colaboración co multiinstrumentista Fernando Barroso co que emprende unha xira a nivel internacional presentando o seu álbum para mandolina e violonchelo *Silence Lovers Club*. En abril de 2018 forma parte xunto ao seu irmán Borja Mariño do espectáculo *Pulcinella*, unha produción do Teatro Real baseada no ballet de Stravinski. Compuxo e interpretou música orixinal para diferentes obras como a curtametraxe *Puzzle* de Nicolás Ferglez ou o espectáculo *Good Luck* de Alfonso Rivera. Actualmente forma parte do Trío Eixos Cromáticos, do quinteto Límbico e do cuarteto de Fernando Barroso, ao mesmo tempo que presenta o seu primeiro traballo en solitario *Cello&Electronics* con gran acollida a nivel internacional.